

«BEATRIZ GALINDO» 2026 INSTRUCCIÓN PARA PRESENTAR PROPOSTAS

O Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades vén de publicar a *Orde ministerial pola que se aproba, por tramitación anticipada, a convocatoria de axudas Beatriz Galindo correspondente ao ano 2026, no marco do Plan estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación (PEICTI) 2024-2027 (BOE 13/1/2026)*.

A convocatoria pode ser consultada no seguinte enlace: [Convocatoria axudas Beatriz Galindo 2026](#)

O prazo que establece o Ministerio para presentar unha solicitude estará aberto entre o 14/01/2026 e o 12/02/2026.

As instrucións contidas neste documento teñen o obxectivo de ordenar un procedemento interno de recepción e selección de propostas para que a Universidade de Vigo poida presentar a súas cinco solicitudes que sinala, como máximo, a convocatoria.

1. CONVOCATORIA BEATRIZ GALINDO

Obxecto

O obxecto da convocatoria Beatriz Galindo é a concesión de 100 axudas para a atracción de talento investigador que teñan desenvolto a súa carreira profesional en centros de investigación y/o universidades estranxeiras polo período mínimo exixido para cada modalidade dende a obtención do título de doutora ou doutor.

Establécense dúas modalidades:

- a) **Axuda Beatriz Galindo sénior:** deberá acreditarse unha experiencia docente e investigadora de sete anos ou máis no estranxeiro, a contar dende a obtención do título de doutor/a. Para isto, presentará a documentación acreditativa de vinculación contractual ou similar coa universidade ou centro de investigación estranxeiro.

Ademais, para obter unha axuda sénior a cualificación da primeira avaliación deberá ser igual ou superior a 80 puntos sobre 100.

- b) **Axuda Beatriz Galindo júnior:** deberá acreditarse unha experiencia docente e investigadora inferior a sete anos no estranxeiro, a contar dende a obtención do título de doutor/a. Para isto, presentará a documentación acreditativa de vinculación contractual ou similar coa universidade ou centro de investigación estranxeiro.

Ademais, para obter unha axuda júnior a cualificación da primeira avaliación deberá ser igual ou superior a 70 puntos sobre 100.

Importe da axuda

As beneficiarias da axuda serán as universidades públicas españolas que contratarán ás persoas seleccionadas como profesor/a distinguido/a. A contía das axudas será a seguinte:

a) Modalidade sénior:

65.000 euros por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
25.000 euros por parte da universidade.

b) Modalidade júnior:

35.000 euros por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
15.000 euros por parte da universidade.

Proceso de adxudicación das axudas

A adxudicación das axudas Beatriz Galindo comprende dúas avaliacións:

Primeira: un panel internacional de persoas expertas avaliará as solicitudes presentadas polas universidades.

Segunda: o panel internacional seleccionará a investigadora ou investigador co que a universidade deberá realizar un contrato de profesor/a distinguido/a por unha duración de 4 anos.

As universidades poderán presentar ata un máximo de cinco perfís de praza e de tres candidaturas por cada perfil.

2. PROCEDIMIENTO INTERNO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS.***Quen pode presentar unha proposta?***

Poderán presentar unha proposta de solicitude as seguintes estruturas:

1. Os departamentos que dispoñan de unidades con capacidade de consolidación de profesorado. Empregarase a información actualizada, pero a modo informativo pode consultarse o seguinte enlace ao cadro de persoal de PDI da Universidade de Vigo :

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/plantilla-pdi>

2. Os departamentos que carecen de unidades con capacidade de consolidación de profesorado pero que dispoñen de candidaturas excepcionais pola súa relevancia docente e investigadora.

Serán consideradas candidaturas excepcionais aquelas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Candidaturas que estivesen incluídas na lista de investigadoras e investigadores altamente citadas nos últimos cinco anos publicada por Thomson Reuters en calquera categoría científica (<https://hcr.clarivate.com/>)

- Candidaturas que acadasen unha axuda European Research Council (ERC) nos últimos cinco anos.
- Candidaturas que tivesen publicado nas revistas *Nature* e/ou *Science* nos últimos cinco anos.

As candidaturas deben ademais reunir os requisitos de experiencia sinalados para cada modalidade de axuda.

Presentación das propostas de solicitudes

1. Encher o formulario interno de solicitude accesible no seguinte enlace: [Convocatoria interna](#)
2. Cada formulario deberá vir acompañado do CV dun máximo de tres candidaturas. No CV deben constar os períodos de vinculación no estranxeiro.
Non é necesario acompañar o CV da documentación xustificativa dos méritos, **salvo a acreditación dos períodos no estranxeiro.**
3. Presentar o formulario de solicitude do perfil da praza xunto coa documentación solicitada pola sede electrónica da Universidade de Vigo **antes do 27 de xaneiro de 2026 ás 14:00 horas. A presentación debe ser feita pola dirección do departamento.**

Non serán admitidas, para a súa valoración pola Comisión de Investigación, as propostas de solicitude que non sigan estes pasos.

Criterios para a selección das propostas.

A Comisión de Investigación seleccionará, como máximo, as cinco solicitudes que considere con maior posibilidade de acadar unha axuda Beatriz Galindo e primando aquelas unidades con necesidades docentes.